

Os partidos de esquerdas tiveron uns resultados electorais moi pobres en Galicia nas eleccións xerais de 1977. Os nacionalistas quedaron sen representación parlamentaria. Resultados das eleccións xerais de xuño de 1977: UCD 20 escaños, AP 4 escaños, PSOE 3 escaños.

Fotografía: *El Correo Gallego*




A sociedade galega mobilizouse para conseguir un Estatuto de Autonomía con amplas marxes para o autogoberno. Na foto, aspecto da gran manifestación do 4 de Nadal de 1977, en Vigo




No nacionalismo galego organizado tiveron moito peso as posicións máis radicais. Así, deuse o paradoxo de que mentres que na II República o Partido Galeguista foi o principal impulsor da Autonomía, o Estatuto de 1980 contou coa oposición da maior parte dos partidos nacionalistas (UPG, BNPG, PSG).

Na fotografía de Xan Carballa, manifestación da ANPG en Santiago de Compostela o 25 de xullo de 1979



Nas primeiras eleccións da Autonomía galega, a hexemonía da dereita volveu pórse de vulto, así como o escaso eco electoral do nacionalismo: AP 26 deputados, UCD 24 deputados, PSdeG-PSOE 16, BNPG-PSG 3, Esquerda Galega 1, PCG 1.

Na fotografía, sesión do primeiro Parlamento galego, no Pazo de Xelmírez, en 1981



Piñeiro lendo o comunicado ao final da manifestación a favor da Autonomía do 4 de decembro de 1977, en Lugo



Co pasamento de **Franco** en 1975, comeza a transición política. Desbotada a opción dunha reforma do réxime, convócanse unhas eleccións libres (1977) que abren o paso a un proceso constituínte que desemboca na aprobación da **Constitución** de 1978. Esta crea o marco para o autogoberno das nacionalidades e rexións, por medio de Estatutos de Autonomía. Poucos anos máis tarde, en 1986, España era admitida como membro de pleno dereito da **Unión Europea**.

En Galicia, as sucesivas convocatorias electorais estiveron dominadas polos partidos herdeiros do aparello caciquil do franquismo: a moderada **Unión de Centro Democrático** e a conservadora **Alianza Popular**.

O proceso autonómico galego foi moi conflitivo. As direccións madrileñas dos partidos maioritarios, UCD e PSOE, tentaron rebaixar o autogoberno galego (**Estatuto da aldraxe**). A reacción da opinión pública e da cidadanía obrigou a unha rectificación (1979-80). Boa parte do nacionalismo organizado, en posicións moi radicais, optou por opoñerse á Autonomía.

O **Estatuto de Autonomía** foi aprobado en referendo en 1980, cunha elevada abstención. Ao ano seguinte convocábanse as primeiras eleccións ao **Parlamento galego**, do que saíu o primeiro goberno autónomo, a **Xunta de Galicia** (1981-85). A Autonomía comezaba a camiñar.

O *Estatuto da aldraxe* provocou unha importante mobilización social e política, con encerros, manifestacións e protestas contra a política autonómica da UCD

A numerosa propaganda para a convocatoria do referendo do Estatuto de Autonomía de Galicia, do 21 de decembro de 1980, non logrou combater o alto grao de abstención

Ramón Piñeiro interveu activamente nos procesos de transición á democracia e de establecemento da Autonomía de Galicia. Ademais dun extraordinario labor persoal de mediación entre líderes e grupos, foi promotor de tres manifestos que acadaron moito eco na opinión pública: o **Manifesto dos 29** (marzo de 1977), ante as primeiras eleccións democráticas; o **Documento dos 25** (finais de 1979) e **Realidade Galega** (marzo de 1980), ante os atrancos da Autonomía galega.

Ante o cativo peso electoral e a radicalización dos partidos nacionalistas, e prevendo escasas perspectivas para un renacido **Partido Galeguista** (1979-80) que rexeitou dirixir, Ramón Piñeiro e unha parte dos *galeguistas históricos* deciden presentarse ás eleccións autonómicas de 1981 como independentes nas listas da **UCD** e, sobre todo, do **PSdeG-PSOE**. O seu papel no Parlamento de Galicia foi moi relevante na lexitimación e a consolidación da nacente Autonomía.

En 1983, o Parlamento de Galicia creou unha institución específica, o **Consello da Cultura Galega**. Ramón Piñeiro foi o seu primeiro presidente, e desde ese posto prestou os seus últimos servizos ao país ata o seu pasamento, en agosto de 1990.

En 1977 Piñeiro foi candidato ao Senado pola provincia de Lugo, formando parte da **Candidatura Democrática Galega**, unha plataforma progresista unitaria. Os seus pésimos resultados obrigáronlle a unha profunda reflexión sobre a estratexia política que había que seguir para conseguir a Autonomía de Galicia (Cartel deseñado por Luís Seoane)



sobranceiros representantes da cultura do exilio (Seoane, Dieste, Blanco Amor...)

Xuntanza de intelectuais galeguistas. De esquerda a dereita, Domingo García-Sabell, Fermín Penzol, Ramón Piñeiro, Luís Seoane e Marino Dónega



Carlos Casares e Kristina Berg foron estreitando unha fonda amizade con Ramón Piñeiro ao longo dos anos, ata o punto que Casares foi o seu sucesor na dirección da Editorial Galaxia



Piñeiro participou activamente en moitas das iniciativas culturais que se puxeron en marcha nos anos finais do franquismo e na Transición, como o xornal *Galicia* e o Instituto Galego de Información

Na fotografía, de 1977, aparece nun acto no Museo Carlos Maside, no Castro-Sada, acompañado de Isaac Díaz Pardo, Domingo García-Sabell, Francisco Fernández del Riego, Celestino Fernández de la Vega e, detrás deste, Xohán Ledo



Ante a debilidade con que nacía a Autonomía, os partidos maioritarios ofreceron a algúns galeguistas históricos incluílos nas listas ao Parlamento

Na foto, Piñeiro xurando o cargo de deputado ante Antonio Rosón, presidente do primeiro Parlamento galego

O Consello da Cultura Galega é un organismo oficial, pero independente do Goberno, que ten como obxectivo defender a lingua e a cultura galegas. Piñeiro foi dos inspiradores da súa creación, e o seu primeiro presidente



Con Paz Lamela, primeira Directora Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, presidindo un acto do Consello da Cultura Galega